



ACORDO DE PRÓRROGA PARA O ANO 2020

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA.

A Consellería de Política Social, a través da dirección xeral competente en materia de menores, ten asumido entre as súas competencias, segundo o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela dos/das menores en situación de risco ou desamparo.

A Deputación Provincial da Coruña está rexistrada co número E-1335 no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais da Consellería de Política Social e dispón do centro de menores Emilio Romay, situado na rúa Joaquín Planells Riera, 43 na Coruña. Neste centro préstanse servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio-familiares e persoais, non poden, aínda que sexa temporalmente, ver cubertas todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas, etc. na súa propia familia.

Con este obxecto asinouse o día 28 de decembro de 2018 un convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Política Social.

Na cláusula décima do convenio establécese a vixencia ata o 31 de decembro de 2019 e a posibilidade de prorrogalo por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

Na súa virtude, e tendo en conta o importante labor que está a desenvolver esta institución na atención de menores, ambas as dúas partes, no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto,





ACORDAN

Primeiro.- Prorrogar o convenio de colaboración asinado o 28 de decembro de 2018, por un ano e con efectos desde o 1 de xaneiro do 2020 ata o 31 de decembro do mesmo ano, nos termos e co alcance que figura no seu clausulado.

Segundo.- O importe previsto da prórroga do convenio de colaboración para o ano 2020 é de 325.904,85 €.

Para este convenio non se establece revisión do prezo.

*Este gasto financiarase con cargo á partida orzamentaria **13.02.312B.228.***

Terceiro.- Este acordo de prórroga entenderase condicionado a que, unha vez aprobados os orzamentos xerais da comunidade autónoma para o ano 2020, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no intre da súa sinatura, quedando ademais condicionado á existencia de crédito orzamentario suficiente nos devanditos orzamentos xerais.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este acordo de prórroga do convenio de colaboración para o ano 2020, por triplicado exemplar, no lugar e data abaixo indicados.

Santiago de Compostela, _____

*Pola Consellería de Política Social
A conselleira
Fabiola García Martínez*

*Pola Deputación Provincial da Coruña
A deputada de Benestar Social e Educación
Ana Lamas Villar*

